



XIV CARREIRA POPULAR DE CHANTADA. 10 km no corazón

31 de maio de 2025

REGULAMENTO

1.- O Concello de Chantada e o Clube Atletismo Chantada organizan a décimo terceira edición da Carreira Popular de Chantada que terá lugar o sábado 31 de maio de 2025.

2.- **CATEGORÍAS.** Establécense as seguintes categorías, tanto masculinas como femininas:

- Categorias de menores:

| CATEGORÍA | ANOS DE NACEMENTO |
|-----------------|-----------------------------------------|
| SUB 8 (110m.) | 2018 / 2019 / 2020 / 2021 / 2022 / 2023 |
| SUB 10 (950m.) | 2016 e 2017 |
| SUB 12 (950m.) | 2014 e 2015 |
| SUB 14 (1900m.) | 2012 e 2013 |
| SUB 16 (1900m.) | 2010 e 2011 |

- Carreira absoluta (10kms)*:

| CATEGORÍA | ANOS DE NACEMENTO |
|------------|-------------------|
| SUB 20 | entre 2006 e 2009 |
| SÉNIOR | entre 1991 e 2005 |
| MÁSTER +35 | entre 1981 e 1990 |
| MÁSTER +45 | entre 1971 e 1980 |
| MÁSTER +55 | 1970 e anteriores |

*na carreira de 5 kms. non se establecerá clasificación por categorías.

3.- **PERCORRIDO, HORARIOS E DISTANCIAS.** A saída e meta de todas as carreiras estará situada na Praza do Mercado.

- **CARREIRA ABSOLUTA:** Consiste en percorrer unha distancia de 5 ou 10 kms., dando unha ou dúas voltas a un circuíto de 5mil metros, que discorrerá polas seguinte rúas: Praza do Mercado, rúa Dous de maio, rúa Formoso Lamas, rúa Carlos Otero Díaz, Avda. dos Pilos, Avda. Monforte, rúa Xoán XXIII, Praza de Santa Ana, Avda.

Ourense, Camiño do Sangoñedo (ida e volta), Paseo do río (ida e volta), Avda. de Ourense, rúa Mariano Cedrón e rúa do Comercio.

Hora: 19:00h.

Distancia: 5kms. (1 volta) / 10kms. (2 voltas)

- **CARREIRAS MENORES:** A carreira 1 consiste nun percorrido de 110m. con saída no final da Rúa do Comercio e chegada no arco de meta situado na Praza do Mercado.

- **CARREIRA 1: SUB 8**

Hora: 17:30

Distancia: 110m.

O resto de carreiras de menores será nun circuíto de 950 m. con saída e chegada no arco de meta situado na Praza do Mercado, seguindo as seguintes rúas: Praza do Mercado, Rúa Dous de maio, Rúa Formoso Lamas, Alameda, Paseo do Río, Parque das Piscinas, Rúa Serra do Faro, Avda. de Ourense, Rúa Mariano Cedrón e Rúa do Comercio.

- **CARREIRA 2: SUB 10**

Hora: 17:45h.

Distancia: 950m. (1 volta)

- **CARREIRA 3: SUB 12**

Hora: 18:00h.

Distancia: 950m. (1 volta)

- **CARREIRA 4: SUB 14 e SUB 16**

Hora: 18:10h.

Distancia: 1900m. (2 voltas)

4.- CLASIFICACIÓN.

- **CARREIRA ABSOLUTA:** Clasificación xeral absoluta masculina e feminina nas carreiras de 10kms. e 5kms. e **clasificación por categorías** só na carreira de 10kms.
- **CARREIRAS MENORES:** Clasificación por categorías masculina e feminina, agás na carreira de categoría SUB 8, na que non haberá clasificacións.

5.- **PREMIOS.** Os premios non son acumulables a excepción dos premios especiais. A entrega de premios das carreiras de menores será ás 18:30h. e a entrega de premios da Carreira Absoluta terá lugar ao remate da mesma.

- Premios por categorías:
 - Trofeo conmemorativo do evento ao/á primeiro/a clasificado/a de cada unha das categorías establecidas para a carreira absoluta.
 - Trofeo conmemorativo do evento aos/ás tres primeiros/as clasificados/as de cada unha das categorías establecidas para as categorías de menores, agás na categoría SUB 8.
 - Na carreira absoluta de 5 kms. non haberá premios por categorías.

- Todos/as os/as atletas participantes nas carreiras de menores que crucen a liña de meta recibirán unha medalla.
- Premios clasificación xeral: os/as tres primeiros/as clasificados/as das carreiras absolutas, 5kms. e 10 kms., tanto en categoría masculina como feminina, recibirán trofeo.
- Premios especiais:
 - 3 primeiros/as clasificados/as locais (empadroados en Chantada) na carreira absoluta de 10kms. e 5kms., tanto en categoría masculina como feminina.
 - Persoa participante de maior idade.

6.- INSCRIPCIÓN.

- A inscrición é gratuita en todas as categorías de menores.
- O **prezo de inscrición na Carreira Absoluta é 8 euros**.
- As inscricións para participar tanto na carreira absoluta como nas carreiras de categorías menores efectuaranse na web www.ccnorte.com
- Os nenos e nenas matriculados no CEIP Xóan de Requeixo ou CEIP Eloísa Rivadulla, ambos de Chantada, poderán facer a súa inscrición a través do formulario que lle será entregado no colexio, e que poderán depositar cuberto nun lugar habilitado para elo no propio colexio.
- O peche das inscricións en todas as categorías será o mércores 28 de maio ás 23:59h..
- Baixo ningún concepto se inscribirá a ningún atleta fora de prazo.
- Para poder formalizar a inscrición correctamente será necesario aportar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición. A organización resérvase o dereito de non inscribir a quen non cubra correctamente os datos requiridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

7.- **RECOLLIDA DORSAIS.** A recollida de dorsais para os/as atletas inscritos/as en todas as categorías será o sábado 31 de maio na carpa habilitada a tal efecto na Praza do Mercado.

- O horario de recollida comezará ás 12:00h.
- O dorsal poderá ser recollido ata media hora antes do comezo da carreira.

8.- DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE.

- Os dorsais son persoais e intransferibles, debendo ir colocados no peito de xeito totalmente visible durante o transcurso da carreira, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.
- As carreiras absolutas serán controladas por un sistema de *chips* de cronometraxe.
- O *chip* deberá ir colocado no lugar indicado pola organización.
- Os propietarios de *chip amarelo* poderán correr con el e a organización facilitará o *chip* correspondente a quen non sexa propietario de *chip amarelo*. Quen non teña en propiedade un *chip amarelo* terá que aboar unha fianza de 5,00 € no momento da inscrición, que se lle volverá á semana seguinte da carreira unha vez comprobado que se procedeu á súa devolución.
- Aquelas persoas participantes na carreira absoluta que non sexan propietarias de *chip* deberán devolvelo obrigatoriamente ao rematar a carreira. No caso dos *chips* de cronometraxe das carreiras de menores, ao ir integrados no dorsal, non será necesaria a súa devolución.

9.- AVITUALLAMENTO.

- Todos os nenos e nenas participantes nas probas de categorías menores recibirán avituallamento sólido e líquido unha vez rematada a súa carreira. As persoas participantes na carreira absoluta terán un avituallamento líquido no intermedio da carreira e un avituallamento sólido e líquido na liña de meta.
- Aqueles/as atletas, de todas as categorías, que non depositen o lixo nos colectores habilitados ao efecto na liña de meta, tirando residuos ao chan, poderán ser descalificados pola organización, por comportamento inadecuado durante a proba, aínda que tiveran completado o percorrido.

10.- **POSTO DE PRIMEIROS AUXILIOS.** A organización disporá durante a competición unha ambulancia con técnico, ATS e médico a disposición de calquera participante que o precise.

11.- **DUCHAS.** Haberá duchas a disposición de corredores/as na Piscina Municipal (Rúa Serra do Faro, s/n).

12.- **RECLAMACIÓNS.** Dado o espírito deportivo e o carácter popular desta proba non se admitirán reclamacións.

13.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO E RESPONSABILIDADE.

- A persoa participante, polo feito de inscribirse, acepta todas as cláusulas deste regulamento e manifesta atoparse en perfecto estado de saúde para a proba, non padecendo enfermidades que lle impidan tomar parte na mesma, sendo o corredor/a que ten a única responsable en caso de accidente por non cumprir o presente regulamento.
- A organización declina toda responsabilidade dos danos morais e materiais que os participantes poidan ocasionar durante a proba, tanto a si mesmos como a terceiros, por imprudencias ou negligencias.
- Todas as persoas participantes estarán cubertas por unha póliza de responsabilidade civil e de accidentes, que cubrirán as incidencias inherentes á proba.

14.- As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materiais de ningún tipo. Do mesmo xeito, non está permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda.

15.- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

16.- A inscrición en calquera categoría do evento implica a autorización á posible difusión dos documentos visuais que se recollan durante a realización da actividade a través das canles da entidade organizadora.

CARREIRA ADULTOS



CARREIRA MENORES

